# GRUPOS, AGRUPAMENTOS E TAREFAS ESPECÍFICAS

## Grupos

No menú Usuarios están os GRUPOS. Sirven para crear un único curso pero ter ás diferentes clases separadas así poderemos ver e avaliar sen misturar o alumnado.




## Agrupamentos

Un AGRUPAMENTO é un conxunto de grupos, de xeito que se queremos que dentro dunha clase (2ºA) haxa tres grupos diferentes que vaian a velocidades ou en proxectos diferentes e o queremos ter todo ben ordenado, crearíamos un Grupo A1, A2 e A3 (por exemplo) no que meteriamos aos distintos alumnos e logo creariamos un Agrupamento que sería 2ºA no que meteriamos a eses grupos a1, a2 e a3.

Na versión actual os grupos son moi interesantes porque é moito máis sinxelo separar os contidos dentro do curso e que os poidan ver e traballar uns sí e outros non… incluso podemos facer unha división individualizada para cada alumno.

# RESTRINXIR ACCESOS

Cando creamos calquer cousa no noso curso (un foro, unha etiqueta, un arquivo, unha tarefa…) , na parte de abaixo DURANTE a creación e antes de gardar, temos un novo apartado de Restrinxir Accesos.

.







Podemos elixir entre distintas opcións para facer a separación, as opcións máis cómodas son:

- Grupo ou agrupamento (dependendo de cómo os crearamos)
- Perfil de usuario para elixir a un alumno concreto (polo apelido ou email)

(por iso é importante facer ben a alta dos usuarios na AV porque así é MOI sinxelo)

Podemos tamén combinar distintas restricións para afinar máis.

Se o deixamos tal cal está todos poderán ver que hai tarefas para outros grupos ou alumnos pero non poden entrar nelas… se queremos que SÓ o podan ver (e entrar, claro) os grupos ou alumnos que queiramos nós, temos que pinchar no OLLO que sae ao lado da restrición.